



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE,
Y MEDIO RURAL Y MARINO

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE,
Y MEDIO RURAL Y MARINO

CONFEDERACION
HIDROGRAFICA
DEL MIÑO-SIL

REGISTRO DE SALIDA OFICINA
SERVICIOS CENTRALES

22/11/2011 12:18:12



S061201100007191

DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA
MIÑO-SIL

PRESIDENCIA

S/REF.
N/REF. Resposta Alegación Plan
DATA 09 de novembro de 2011
ASUNTO ALEGACIÓN AO PROXECTO DE
PLAN HIDROLÓXICO MIÑO-SIL 2010-2015

Fundación Germán Estévez

En primeiro lugar, desexo trasladarlle o noso agradecemento pola presentación da súa alegación ao proxecto de Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil:

As máis de 600 observacións presentadas durante o período de consulta pública do proceso de planificación hidrolóxica son unha boa mostra da participación activa de todos os interesados para contribuír a promover, dende a responsabilidade compartida, unha xestión sostible, equilibrada e equitativa dos recursos hídricos das concas dos ríos Miño, Sil e Limia.

Unha vez analizada a súa alegación, e de conformidade co disposto tanto na Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, como na lexislación que a desenvolve, procédese a responder de forma motivada a cada unha das observacións presentadas.

OBSERVACIÓN Nº 01

Síntese da Observación

Solicítase unha definición clara dos caudais ecolóxicos segundo a norma lexislativa da pesca sectorial de Galicia e unha concreción dos cálculos mínimos e fixos. Por outro lado, non se definiron os caudais máximos, caudais xeradores e taxas de cambio en masas es-tratéxicas ou de especial interese, deixando tal concepto xurídico a decisión da

CORREO ELECTRÓNICO:

presidencia@chminosil.es

CURROS ERNRIQUEZ, Nº 4-2º

32003 OURENSE

TEL.: 988 399 403



Confederación Hidrográfica. Considérase que é un criterio importante que debe estar definido e concretizado no Plan.

Resposta Motivada

En canto á definición de caudais ecolóxicos cabe indicar que se considera que están axeiramente definidos na lexislación nacional de augas e non é adecuada a consideración da definición específica realizada nunha normativa autonómica sobre pesca pois esta é de aplicación unicamente a Galicia, e débese recordar que a Demarcación Hidrográfica do Miño- Sil é unha demarcación intercomunitaria.

Segundo o Texto Refundido da Lei de Augas de 2001 no seu artigo 42.1.b.c', " los caudales ecológicos son aquellos que mantienen como mínimo la vida piscícola que de manera natural habitaría o pudiera habitar en el río, así como su vegetación de ribera".

O artigo 18 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica (RPH) introduce o concepto de réxime de caudais ecolóxicos, entendéndoo como "el que permite mantener de forma sostenible la funcionalidad y estructura de los ecosistemas acuáticos y de los ecosistemas terrestres asociados, contribuyendo a alcanzar el buen estado o potencial ecológico en ríos o aguas de transición."

Finalmente, a Instrución de Planificación Hidrolóxica (IPH), determina a metodoloxía a utilizar para o cálculo do citado réxime de caudais ecolóxicos, así como os seus compoñentes: caudais máximos, caudais mínimos, caudais de crecida e taxas de cambio.

Definiuse, polo tanto, o caudal ecolóxico no Plan Hidrolóxico conforme ao establecido nas normativas antes mencionadas e o seu cálculo realizouse segundo a metodoloxía establecida na IPH.

En relación á definición de caudal ecolóxico máximo, xerador e taxa de cambio, é importante ter en conta que é a primeira vez que se implantan estes conceptos, polo que segundo se explica no artigo 20 da normativa do Plan, actualmente estableceronse uns valores de caudal máximo, xerador e taxas de cambios a título informativo con previsión de estudar con novos datos a súa implantación a partir de 2016.

OBSERVACIÓN Nº 02

Síntese da Observación

Solicítase unha catalogación das zonas húmidas.



Resposta Motivada

A regulación sobre zonas húmidas é competencia das Comunidades Autónomas polo que se transmitirá a solicitude ao Comité de Autoridades Competentes para a súa consideración. En calquera caso convén aclarar que no rexistro de zonas protexidas do Plan Hidrolóxico, Anexo IV, inclúense unha lista de humedais considerados de protección especial.

OBSERVACIÓN N° 03

Síntese da Observación

Considérase necesario establecer un programa de control concreto para as masas de auga nas que existe necesidade de implementar novas estacións, por exemplo o encoro de Vilasouto, establecendo datas, presuposto, planificación territorial, situación estratéxica, etc.

Resposta Motivada

Actualmente para algúns dos encoros en mal estado non se concretou un programa de control operativo, non obstante, estase a traballar para a súa implementación a curto prazo. É intención da Confederación completar a rede de control para que sexa o máis eficaz posible, sempre dentro das posibilidades presupostarias do organismo.

OBSERVACIÓN N° 04

Síntese da Observación

Solicítase a realización de plans de coordinación da bacía do Miño, Sil e Limia entre administracións. Para iso, pídese a creación dun órgano consultivo para levar a cabo actuacións en relación á funcionalidade e seguemento da xestión da bacía, composto por cidadanos, administración local, provincial, autonómica e do Estado, así como universidades e ecoloxistas.

Resposta Motivada

Non é competencia do Plan Hidrolóxico a creación dun órgano deste tipo. Ademais é importante ter en conta que o proceso de participación pública do plan inclúe reunións, grupos de traballo, e demais medios para a implicación cidadá global no proceso de planificación e xestión de bacía.

Por outra parte, é obxecto do Comité de Autoridades Competentes favorecer a cooperación entre administracións para optimizar a xestión da bacía en cada un dos seus ámbitos.



Finalmente, o Consello da Auga da Demarcación cumprirá a función que se apunta na ob-servación.

OBSERVACIÓN N° 05

Síntese da Observación

Pídese que a aprobación do Plan de Bacía realicese a través dunha resolución do Parlamento de Galicia.

Resposta Motivada

É importante ter en conta que a Demarcación Hidrográfica das Bacías do Miño, Sil e Limia é unha Demarcación Intercomunitaria, é dicir que atravesa diferentes Comunidades Autónomas e a súa aprobación está regulada de acordo ao artigo 83 do Regulamento de Planificación Hidrolóxica.

OBSERVACIÓN N° 06

Síntese da Observación

Solicítase a rexeneración das bacías fluviais prohibindo os paseos fluviais con cemento ou que impliquen o corte a matarrasa das especies existentes. Ademais pídese a forestación de especies das ribeiras cun investimento establecido nun plan a 5 anos e a reposición de especies enfermas. Ademais pídese a creación de brigadas de limpeza das marxes do río e vixilancia da bacía.

Resposta Motivada

O Plan Hidrolóxico inclúe dentro do seu Programa de Medidas unha serie de actuacións de restauración que van en sintonía coas propostas na alegación. Así mesmo, favorécese o emprego da enxeñaría biolóxica para conseguir os mencionados obxectivos.

Non obstante, valoraranse as propostas realizadas de cara á súa posible inclusión no Pro-grama de Medidas en función da dispoñibilidade presupostaria do organismo.

OBSERVACIÓN N° 07

Síntese da Observación

Propónse unha revisión das escalas fluviais para que as troitas e anguías poidan moverse libremente nos encoros, xa que nalgúns casos non cumpren ca súa labor. Tamén se pide a instalación de escalas nalgunhas presas e unha revisión das plataformas de cemento que se instalan ao lado das marxes das presas.



Resposta Motivada

Para novas concesións e modificacións o texto normativo do Borrador do Plan Hidrolóxico inclúe, no seu artigo 46, regulación sobre a instalación de dispositivos de paso para a mobilidade da fauna en proxectos de hidroeléctricas: "tanto os proxectos de repotenciación e mellora das instalacións hidroeléctricas existentes coma as centrais reversibles que usen infraestruturas xa existentes e os proxectos de aproveitamento hidroeléctrico de nova concesión, deberán incorporar as medidas tendentes a minimizar a afección ambiental." Entre estas medidas esíxese:

"b) a instalación de dispositivos efectivos de paso que permitan a mobilidade da fauna, tanto de remonte da canle como de baixada. Presentarase un plan de seguimento da devandita mobilidade, que deberá entregarse á Administración hidráulica cunha periodicidade semestral. En función dos resultados, a Administración hidráulica poderá impoñer modificacións que aumenten a efectividade dos devanditos dispositivos de paso."

Por outra parte, para infraestruturas xa existentes, a Confederación está a traballar na revisión das escalas e dispositivos actuais, así como en chegar a acordos cos concesionarios que non leven imposta esta medida nas súas cláusulas concesionais, que permitan mellorar a continuidade lonxitudinal dos ríos.

OBSERVACIÓN Nº 08

Síntese da Observación

Solicítase a retirada dos refugallos das canteiras de pizarra no polígono Industrial de Quiroga na marxe esquerda do río Sil e da maleza no Sil ao seu paso por San Clodio.

Resposta Motivada

Un dos obxectivos do Plan Hidrolóxico é a restitución do bo estado das masas de auga da Demarcación polo que se incluíron actuacións de restauración de entulleiras no Programa de Medidas, xa que en moitos casos o seu efecto sobre a canle dos ríos é causante do mal estado da masas de augas.

Non obstante, valorarase a proposta realizada de cara á súa posible inclusión no Programa de Medidas en función da dispoñibilidade presupostaria do organismo.



OBSERVACIÓN N° 09

Síntese da Observación

Solicítase a creación e sinalización dos elementos patrimoniais da Bacía Hidrográfica, así como, a creación de rutas de interese ambiental como as fervenzas.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica ten en conta o gran valor paisaxístico e o interese ambiental de certas zonas da Demarcación, como son as fervenzas, por iso propúxoas como zo-nas de protección especial no Plan Hidrolóxico (Anexo IV da memoria, apartado 3.11.5). De igual forma, por parte da Confederación estanse a desenvolver actuacións orientadas á creación de rutas de interese ambiental, non obstante, a creación de itinerarios cultu-rais dos elementos patrimoniais, como mosteiros e similares, non son competencia da Confederación Hidrográfica.

OBSERVACIÓN N° 10

Síntese da Observación

Indícase a necesidade de enterrar cableados de alta tensión en diferentes zonas protexidas.

Resposta Motivada

Non é obxecto do Plan Hidrolóxico nin do proceso de información pública a realización de actuacións desta índole.

OBSERVACIÓN N° 11

Síntese da Observación

Solicítase a paralización de 3 proxectos:

Proxecto de Ampliación da presa Dos peares II, Proxecto de petición do encoro a través dunha balsa con bombeo de caída de auga en Santa Cristina e Proxecto de ampliación da presa de Belesar.

Resposta Motivada

Os proxectos Dos peares II e Belesar son obras que xa se encontran en execución debido á súa aprobación segundo a normativa vixente, mentres que o Proxecto de Santa Cristina encontrase en tramitación, co que se respectarán os procesos administrativos correspondentes. Non obstante, isto non é óbice para que a Confederación sexa esixente co cumprimento dos obxectivos ambientais para as masas de auga, pero



sempre dentro das can-les legais e de respecto á seguridade xurídica que debe imperar nun estado de dereito.

OBSERVACIÓN Nº 12

Síntese da Observación

Suxírese a planificación das grandes obras de aproveitamento hidráulico e fixación dos aproveitamentos dende a primeira concesión ata un máximo de 12 anos. O plan debe limitar os aproveitamentos e regular as transmisións das concesións administrativas. Ademais pídesse a revisión de concesións preconstitucionais e da Lei de Augas no relacionado coas concesións de 75 anos.

Resposta Motivada

As limitacións dos prazos concesionais veñen establecidas, segundo se indica no artigo 52 do borrador da normativa do Plan Hidrolóxico, conforme ao disposto no artigo 59 do Texto Refundido da Lei de Augas e o artigo 97 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico. Non é obxecto do Plan Hidrolóxico de Bacía nin é competencia da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a revisión da Lei de Augas.

OBSERVACIÓN Nº 13

Síntese da Observación

Requírese o establecemento dun caudal mínimo navegable en verán de xeito regulamentario e non pola elección da empresa concesionaria da explotación do encoro, en relación principalmente á importancia do turismo na comarca de Ribeira Sacra, para evitar que obras ou outras actuacións sobre a canle permitan secar o río evitando o seu uso turístico náutico.

Resposta Motivada

A navegación é un uso menos prioritario e está condicionado, neste caso, ao uso do encoro. En xeral, a canle non se seca de forma habitual, soamente se produciron casos puntuais debido a obras no encoro, non obstante, estas obras superaron o proceso de Avaliación de Impacto Ambiental e en todo momento a Confederación Hidrográfica velou polo respecto ao medio.

Non se considera, polo tanto, necesaria a implantación dun caudal mínimo navegable xa que coas restricións impostas por caudais ecolóxicos consideranse suficientes.



OBSERVACIÓN N° 14

Síntese da Observación

Pídese realizar investimento en plantas de depuración e establecer convenios coas entidades locais para o saneamento de verteduras.

Resposta Motivada

A depuración non é competencia da Confederación Hidrográfica polo que se trasladará ao Comité de Autoridades Competentes para a súa consideración.

Non obstante, é importante indicar que no Programa de Medidas, resumido no anexo X da memoria do Plan Hidrolóxico, onde se recompilan as actuacións de diversos organismos relacionadas co Plan, recollense actuacións de saneamento e depuración que con-forman arredor do 40% do investimento deste, consideráronse polo tanto de grande im-portancia este tipo de actuacións.

OBSERVACIÓN N° 15

Síntese da Observación

Comunidades de Regantes. Considérase conveniente definir e analizar un custo para o uso da auga. O mesmo acontece co plan de seca onde se analiza moi descritivamente o plan e as zonas pero descoñécense as medidas que se van tomar en caso de seca ou inundación na bacía.

Resposta Motivada

En primeiro lugar, é importante indicar que, tanto na normativa (capítulo VIII), coma na memoria (capítulo 9 e Anexo IX), realizouse unha análise económica sobre o custo dos usos da auga. En segundo lugar, en relación ao plan de seca, no apartado 11.2.2.2. do capítulo 11 da memoria do Plan Hidrolóxico descríbense as medidas mitigadoras e preventivas desvoltas nas liñas de actuación do Plan en caso de seca.

OBSERVACIÓN N° 16

Síntese da Observación

En relación ao estado hidromorfolóxico das masas de transición considérase necesaria unha definición xurídica e unha concreción técnica.

Resposta Motivada

A Confederación Hidrográfica co apoio das autoridades competentes na materia está a traballar en diversos proxectos e grupos de traballo para estudar as masas de auga de



transición na Demarcación. No grupo de traballo MIÑO-NET, liderado por parte española pola Universidade de Vigo e enmarcado dentro do proxecto europeo DELTA-NET, están presentes todos os axentes económicos e sociais e, xunto co proxecto TEAM-Miño, permitirá obter máis información e avanzar no obxectivo de realizar un Plan de Ordenación do Esteiro do Miño, tal e como se recolle no artigo 12 da normativa do Plan Hidrolóxico do Miño-Sil.

OBSERVACIÓN N° 17

Síntese da Observación

En relación á Avaliación de hábitat refuxio realizada no estudo de caudais ecolóxicos, considérase que é un estudo que non concretiza as fontes de onde nacen os cálculos e é, en fin, pouco clara a definición técnica e a redacción confusa e inadecuada. Hai unha superficial indicación, en relación a velocidades de masa de auga en función da capacidade natatoria de cada unha das especies, pero descoñécese se este cálculo medio é para unha soa especie ou ben unha media do conxunto da fauna existente.

Resposta Motivada

Para o estudo dos caudais máximos seguíronse as instrucións da Instrución de Planificación Hidrolóxica (IPH), e a metodoloxía exposta no apartado "3.2 Distribución temporal de caudais máximos" da "Guía para a determinación do réxime de caudais" (GEC-ver. 0.7). En canto á os datos de velocidade límite, relacionados coa capacidade natatoria das especies, utilizáronse os valores máximos indicados na IPH para cada unha das especies.

OBSERVACIÓN N° 18

Síntese da Observación

Solicítase un plan para unha boa xestión e canalización da auga da bacía que conte cun equipo de seguimento formado por técnicos e membros das entidades locais. Neste plan de canalización e de aproveitamento se regulara o mesmo a través de Declaración de Im-pacto Ambiental (DIA) e Informe Ambiental, sendo ambos os dous textos redactados por persoal da Universidade de Vigo ou Santiago ou ben convenios interuniversitarios das ins-titucións académicas. A petición pretende que o órgano que instrumentalice a DIA ou o Informe Ambiental sexa o máis independente posible para que a obra conte con garantías xurídicas e técnicas na súa aplicación.



Resposta Motivada

Non se pode aceptar tal petición por non estar definidas as súas actuacións nin obxectivos. Por outro lado, debdese recordar que o proceso de avaliación ambiental está defini-do e é competencia do organismo ambiental.

Conforme ao exposto, a súa alegación foi resolta nos termos transcritos. Así mesmo, segundo o disposto no Artigo 74.3 do Real Decreto 907/2007 elaborárase un documento de síntese sobre todas as alegacións recibidas no que se xustificará como foron tomadas en consideración e cuxas conclusións serán integradas na redacción final do Plan.

Por último, co obxecto de garantir a todos os interesados os dereitos de acceso á información ambiental, infórmolle que tanto a súa alegación como a resposta motivada estará accesible na páxina electrónica desta Confederación Hidrográfica, xunto con toda a documentación relativa ao Plan Hidrolóxico 2010-2015.

Reiterando o noso agradecemento pola súa importante colaboración, saúdo atentamente,



Francisco F. Fernández Liñares
Presidente